

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

Noemi Basanta Llanes (2015): Diferenza como discurso identitario. Entre a oposición e a pluralidade de xénero" [Póster]. *III Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 25-26 marzo 2015

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>



# Diferenza como discurso identitario

## Entre a oposición e a pluralidade de xénero

Noemi Basanta

PD Lingüística - USC  
Instituto da Lingua Galega - FILGA GI-1743

### Introdución

Desde mediados do século pasado, producíronse numerosos cambios sociais, políticos e económicos que progresivamente motivaron a aposta colectiva pola diversidade e a multiculturalidade dentro dun mundo global cada vez máis complexo [1]. Así foi como tamén no ámbito académico xurdiron investigacións que comezaron a contemplar a creación das identidades xa non como un produto individual senón como o resultado dunha elaboración contextualmente dependente e lingüísticamente mediada que é levada a cabo de maneira máis ou menos consciente por parte dos individuos [2].

### Obxectivos e pertinencia da análise

A finalidade deste traballo é detectar algúns dos procesos de construción grupal que se empregan nas conversas coloquiais, cruzándoos coas ideoloxías de xénero. Mostraremos como, alén de que exista unha presión social global na creación das identidades, é posíbel distinguir tamén un nivel local onde o contexto interaccional inmediato se torna significativo e condiciona a construción identitaria dos individuos [3]. Prestaremos especial atención aos mecanismos de definición por oposición xa que é frecuente que nas construcións discursivas se xeren identidades grupais en base a dialécticas de inclusión e exclusión [4].

### Metodoloxía

Realizamos unha análise cualitativa de unha hora e media de conversación de catro grupos homoxenéricos nos que participaron homes e mulleres heterosexuais de dúas xeracións distintas. A configuración resultante é a seguinte: un grupo de homes e outro de mulleres de 40 anos; así como un de rapaces e outro de rapazas de 25 anos. En todos os casos se lles propuxo que tratasen o tema de “ligar”.

### Resultados

As interpretacións que as persoas teñen sobre o xénero están influenciadas por discursos sociais hexemónicos que provocan adscricións, entre outras, dos homes ao rol activo ou das mulleres á preservación da honra. Non obstante, os individuos non só imitan maneiras de falar acordes co seu xénero senón que o contexto interaccional condiciona boa parte das seleccións discursivas [6] tal e como pode verse no cadro de (re)definicións identitarias. Alén diso, o xénero interactúa con macrocategorías sociais que imposibilitan falarmos dunha única identidade masculina e/ou feminina. Neste caso, é doadamente perceptíbel a influencia das ideoloxías sobre a idade.

“who we are is, at least partially, a product of where we are and who we are with, both in interactional and story worlds” [5]

### Construción das identidades femininas

	<i>Oposición (inter)xenérica</i>	<i>Oposición (intra)xenérica</i>
<i>Grupo adultas</i>	<p><i>Grupo sen liberdade, en contraposición aos homes. Realízase a través da crítica ás restricións maternas para saír da casa.</i></p> <p>Nélida: bueno pero ese caso era contigo   &lt;apelación&gt; eh   porque eu por <b>ejemplo ós homes vía-lles unha libertá increíble</b>   </p> <p>Ánxela: si   porque “as fillas viñan ca barriga pa diante”   pero os fillos tamén deixaban:   fillos por aí adiante   </p>	<p><i>Grupo que preservou a honra. Realízase a través das críticas ao “libertinaxe” nas rapazas de agora.</i></p> <p>Ánxela: antes era un extremo e agora é outro    [...] nada   antes vivíamos nunha ditadura i-ahora hai tanta libertá que <b>non é libertá   é libertinaxe</b>   </p> <p>Xulia: que hai   si:   si   é <b>libertinaxe   é libertinaxe</b>   si   si   pero bueno   </p>
<i>Grupo mozas</i>	<p><i>Grupo que asume posicións activas durante o ligue. Realízase a través da crítica á falta de madurez masculina.</i></p> <p>Oriana: eu non me vexo   ligando   con un máis pequeno ca min    porque xa    cos de maior edad    ou sea   maior de edá   quero dicir que   que sexan da nosa edá ou que che leven dous anos ou así    xa costa porque   a veces   teñen   comportamentos de    &lt;dúbida&gt; m     “<b>estou ligando contigo   non me quero casar contigo   TRANQUILO*</b>    ¿sabes?   imagina-te   o máis pequechos   </p>	<p>Grupo caracterizado por manter actitudes modernas cos homes durante o ligue. Realízase establecendo unha oposición explícita ás xeracións anteriores.</p> <p>Oriana: &lt;click&gt;    vale   había   había outro: rolo tamén   </p> <p>Xiana: eu creo que si    porque era outra forma de pensar   </p> <p>Oriana: claro   outra   ERA outra forma de pensar tamén   bastante:   eu que sei   atrasada ó mellor   </p>

### Construción das identidades masculinas

	<i>Oposición (inter)xenérica</i>	<i>Oposición (intra)xenérica</i>
<i>Grupo adultos</i>	<p><i>Grupo que asume o rol activo durante o ligue e posúe unha marcada potencia sexual. Realízase a través da crítica ás negativas femininas ante as súas demandas sexuais.</i></p> <p>Abelardo: ¿retraidas?   dixó o outro   <b>salías   salías igualito có jabali</b>   e antes había poucos    ¿de caza?    ((risas) de caza   pa non cazar nada)    &lt;facias&gt; cada hañaña por aí   pa non dar   </p> <p>Xulio: (risas) pa nada   </p> <p>Henrique: perder o tempo (risas)   </p>	<p><i>Grupo que posúe unha acentuada potencia sexual en contraposición ás novas xeracións. Realízase mediante a crítica aos rapaces que saen “a emborracharse”.</i></p> <p>Abelardo: pois hoi   eu xa che digo   eu châma-me a atención   porque    ves unha cuadrilla deles   un grupito destes do   do   do clásico   botellón   <b>ó único que van é a:   a [emborrachar-se]</b>   </p> <p>Xulio: [eu vexo] a meu sobriñ o que   o que alí carga   de vrau   e digo eu   ¿depois de: beber   que?   ¿nada?   </p> <p>Abelardo: nada   nada   nada   </p> <p>Xulio: <b>non tocan teta   nada   nada   nada</b>   </p>
<i>Grupo mozos</i>	<p><i>Grupo que interpreta asumir o rol activo durante o ligue como unha “presión”. Realízase mediante a crítica ás mulleres por asumir o rol pasivo dominante.</i></p> <p>Xián: <b>porque as rapazas asumen o rol</b>   </p> <p>André: asumen un rol pasivo    [...] ¡claro   si!   tanto machismo   (risas)</p> <p>Xián: ¡claro! (risas)    ¡é que somos mui feministas para:   unhas cousas pero despois!   </p> <p>André: (risas)   ¡que politicamente incorrecto todo esto!    [...]</p> <p>Denís: <b>homel tamén   moitas rapazas   que tamén son lanzadas i:   </b></p> <p>Xián: {&lt;valoración&gt; buf}   eu non:   non: o vexo   tanto {&lt;apelación&gt; eh}   </p> <p>André: pero:   pero non teñen a   non teñen ó mellor   <b>ó mellor non teñen como a presión de ser lanzadas   lanzadas</b>    e si son lanzadas   bueno   pero    pero é o:   caso   máis    menos común   </p>	<p>Grupo que se afasta do esquema tradicional de ligar coa finalidade de formar unha familia sendo novos. Realízase mediante a crítica a persoas que casan e teñen crianzas arredor dos vinte anos.</p> <p>André: é que sigue habendo tamén un rolo   é como o que me dixó paula   en plan   que:   da xente da súa clase non sei cantas   do instituto   </p> <p>Denís: o rolo de casar   que a min me parece   </p> <p>André: <b>non sei cantas están casadas</b>    algunha con fillos   xa aí   joder   temos    ata vinte e tres   vinte e catro anos   </p> <p>Xián: pero:   eu eso creo que:   <b>que coincide</b>    muito máis con:    <b>co tema de que:   a xente:   que ten unhos estudios</b> e que ten en plan   &lt;click&gt;    non digo que sea:   atrasada ou tal pero   en plan   nós    &lt;click&gt; queiras que non   temos máis mundo que unha xente que se queda no: &lt;pueblo&gt;</p> <p>André: ¡no   claro   claro!   </p>

### Pluralidade contextual e (re)definicións discursivas

*O grupo de mozas reconsidera a posición activa durante o ligue ao ter que describir as súas estratexias opoñéndose aos homes, cuxo estilo é “superpatético”.*

Oriana: i-outra cousa que tampouco soporto | é | por exemplo || as formas que temos | as | tías de ligar || quero dicir ||

Mariña: **eu creo que non sei ligar** | eu || porque: || no | en serio | eu tampouco sei | eu ta# | eu nunca tuven: ||

Xiana: **eu tampouco** {<apelación> eh} ||

Mariña: nunca | nin fun || i-o que foi | foi casual | en plan | falando como: | un amigo | ¿sabes? | dá igual | ¿sabes? | non iba pensando: | en que vai acabar esto ||

Oriana: {<asentimento> hum} ||

Mariña: pero bueno | si | fa# | i: | di o que ibas dicir ||

Oriana: **no | que digo que | a ver | o rolo é | eu que sei | que surja | tampouco é que tu vaías e lle digas “ola guapo ¿que tal?” | como | e que iba dicir | como fan iles | en plan que é superpatético de ||**

*O grupo de adultos minimiza a importancia da potencia sexual e preséntaa como un problema cando a presión lles fixo deixar relacións con mulleres das que estaban namorados.*

Abelardo: entonces **aquelo que se che ocorre** un día dixen || [...] oi | eso || da noite pa# || i-eu hasta | bueno | hasta | hasta estaba máis a gusto con ela que dios e tal || pero aquilo que se che mete na cabeza dun día pa outro porque non: || tabas | dixó o outro |lhasta as pelotas de aguantar e tal | e: ||

Xulio: e aló vai! (risas) [...]

Abelardo: era mui boa pequena eh | mui boa pequena [...] | jhome si | pero eu | eu a verdá é que aquela hasta: | bueno || a verdá é que me doera na alma porque eu á: | a verdá | quería-lle ben || levábamos tempo xuntos e tal | pero é **aquela vena que se che mete na cabeza**: || ¡si | pero muitas veces por unha pequena cousa!

### Referencias bibliográficas

- Giddens, Anthony (1991): *Modernity and self-identity: self and society in the late modern age*. Cambridge: Polity.
- Weatherall, Ann (2002): *Gender, language and discourse*. New York: Routledge.
- Benwell, Bethan / Stokoe, Elizabeth (2006): *Discourse and Identity*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- Woodward Kathryn (1997): *Identity and difference*. London: Sage Publications.
- Schiffrin, Deborah (1996): “Narrative as self-portrait: Sociolinguistic constructions of identity”, *Language in Society*, 25, pp.167-203.
- Cameron, Deborah (2003): “Gender and language ideologies”, en Holmes, Janet. / Meyerhoff, Miriam (eds.): *The handbook of language and gender*. Oxford: Blackwell, pp. 447-467.